



## **BANDO DA ALCALDÍA**

### **AXUDAS PARA AUTÓNOMOS**

O venres 25 de xaneiro de 2019 saíu publicada no DOG a orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria sobre as axudas á promoción do emprego autónomo (Programa I) e axudas a autónomos pola contratación indefinida de persoas asalariadas (Programa II).

#### **BENEFICIARIOS**

##### **Programa I: axudas para a promoción do emprego autónomo**

Aqueles persoas que causen alta no réxime especial de autónomos ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social ou en mutualidade entre o 1 de outubro de 2018 e o 30 de setembro de 2019.

##### **Programa II: axudas a autónomos para contratación de persoas asalariadas**

- Aqueles autónomos pola primeira contratación que realicen de xeito indefinido durante o primeiro ano de actividade.
- Aqueles autónomos pola segunda ou terceira contratación que realicen con carácter indefinido nos tres primeiros anos de actividade.

#### **CONTÍAS**

**Programa I: axudas para a promoción do emprego autónomo:** A contía da axuda establécese entre os 2.000 e 9.000 €

**Programa II: axudas a autónomos para contratación de persoas asalariadas:** No caso da primeira contratación a axuda establécese entre 3.000 € e 11.250€ e para a segunda e terceira contratación a contía da axuda varía entre 5.000 € e 15.750 €

#### **PRAZO DE SOLICITUDES**

##### **Programa I: axudas para a promoción do emprego autónomo**

O prazo de presentación de solicitudes da axuda rematará o 30 de setembro de 2019

##### **Programa II: axudas a autónomos para contratación de persoas asalariadas**

No caso de contratacións realizadas entre o 1 de outubro do 2018 e a data de publicación desta orde deberían presentarse no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da publicación da orde.

No caso de contratacións dende a entrada en vigor da orde deberán solicitarse ata o último día do segundo mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral indefinida, sendo a data límite o 30 de setembro de 2019.

Para calquera información contactar co Axente de Emprego no Concello de Mondoñedo

O que se fai público para xeral coñecemento e correspondentes efectos.

Mondoñedo, na data da sinatura,

A Alcaldesa,

Asdo.: María Elena Candía López.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)